



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)			Enfermería Clínica I	
Código			661G01034	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Fernández Fraga, María Ines	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es	
Profesorado	Fernández Fraga, María Ines Mouriño Castro, Nerea	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es nerea.mcastro@udc.es	
Web	http://campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O propósito desta materia é capacitar ao estudante para identificar as alteracións de saúde nas persoas adultas, as súas consecuencias a nivel persoal, familiar e comunitario; planificar e avaliar os coidados de enfermaría, adaptándoos ao ámbito de actuación profesional, sendo o obxectivo dos coidados alcanzar o maior grao de independencia das persoas.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar as alteracións de saúde da persoa adulta: factores que inflúen, mecanismos fisiopatolóxicos, manifestacións, métodos diagnósticos e tratamentos médicos e cirúrxicos específicos.	A34	B1 B3 B4 B6 B9	C1 C3 C11
Identificar as necesidades de coidado en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.	A34 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B11 B15 B16 B24	C1 C3 C4 C6 C11



<p>Identificar os diagnósticos de enfermaría e complicacións potenciais en persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.</p>	<p>A34 A35 A36</p>	<p>B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B13 B15 B16 B19 B24</p>	<p>C1 C3 C4 C6 C8 C10 C11 C12</p>
<p>Planificar coidados de enfermaría as persoas adultas con problemas de saúde e os derivados de tratamentos, probas diagnósticas e procedementos terapéuticos.</p>	<p>A34 A35 A36 A37 A38 A39</p>	<p>B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24</p>	<p>C1 C3 C4 C6 C7 C8 C10 C11 C12</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Unidade didáctica I: Xeneralidades</p>	<p>Bases conceptuais da Enfermería clínica. O proceso inflamatorio. Coidado das feridas. Atención de enfermaría as persoas con síndrome hemorráxico. Atención de enfermaría as persoas con dor.</p>
<p>Unidade didáctica II: Atención de enfermaría ás persoas sometidas a intervención cirúrxica.</p>	<p>Periodo preoperatorio. Periodo intraoperatorio. Periodo posoperatorio.</p>



<p>Unidade didáctica III: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función respiratoria.</p>	<p>Recordo anatómico-fisiolóxico. Síntomas e signos. Métodos de diagnóstico. Atención de enfermería ás persoas con: Trastornos das vías respiratorias superiores Asma bronquial. Enfermedade pulmonar obstructivo crónica. Infeccións respiratorias. Tumores pulmonares. Trastornos torácicos.</p>
<p>Unidade didáctica IV: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función vascular.</p>	<p>Recordo anatómico-fisiolóxico. Síntomas e signos. Métodos de diagnóstico. Atención de enfermería ás persoas con: Trastornos arteriais. Trastornos venosos. Trastornos sistema linfático.</p>
<p>Unidade didáctica V: Atención de enfermería ás persoas con trastornos da función renal e urinaria.</p>	<p>Recordo anatómico-fisiolóxico. Síntomas e signos. Métodos de diagnóstico. Atención de enfermería ás persoas con: Insuficiencia renal aguda. Insuficiencia renal crónica. Transplante renal. Síndrome nefrítico. Síndrome nefrótico. Infeccións urinarias/cistite, pielonefrite Uropatía obstructiva/urolitiasis. Tumores prostáticos e vesicais. Hipertensión arterial. Trastornos hidroelectrolíticos e ácido-base.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
<p>Sesión maxistral</p>	<p>A34 A35 A36 A37 A38 A39 B5 B6 B7 B8 B9 B12 B15 B16 B19 B24 C3 C4 C8 C10 C11</p>	<p style="text-align: center;">20</p>	<p style="text-align: center;">20</p>	<p style="text-align: center;">40</p>
<p>Estudo de casos</p>	<p>A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C10 C11 C12</p>	<p style="text-align: center;">20</p>	<p style="text-align: center;">30</p>	<p style="text-align: center;">50</p>



Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11	0	10	10
Análise de fontes documentais	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B3 B4 B6 B11 B16 B24 C4 C6 C7 C10 C11	0	10	10
Proba mixta	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C4 C10 C12	1	37	38
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Inclúense cuestións ás e os estudantes sobre os temas dos contidos.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica de saúde que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de estudantes, a través dun proceso de discusión. A/o estudante sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. O procedemento de ensino-aprendizaxe nesta metodoloxía está orientado a unha aprendizaxe de tipo colaborativa, con unha organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela da docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesora-titora. O traballo tutelado realízase en pequeno grupo, ten unha orientación de aprendizaxe colaborativa.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba mixta	Integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas referidas aos contidos desenvolto a través das distintas metodoloxías durante o curso, . En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Nas preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais Sesión maxistral Proba mixta Traballos tutelados Estudo de casos	A docente realizará atención personalizada para seguimento, consultas, orientación do estudo e elaboración de traballos. O espazo de comunicación será a titoría presencial, virtual síncrona (Teams) e asíncrona (Moodle e correo-e).
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B3 B4 B6 B11 B16 B24 C4 C6 C7 C10 C11	A análise de fontes documentais é unha tarefa individual, onde a/o alumna/o deberá realizar unha narración sucinta da análise proposta.	5
Proba mixta	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B2 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B24 C1 C4 C10 C12	Realizarase unha proba escrita na data oficial do exame da materia. A proba constará de preguntas curtas e/ou tipo test, relacionadas con contidos teóricos, lecturas, estudo de casos e traballos tutelados.	50
Traballos tutelados	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B8 B11 B12 B19 C1 C3 C6 C7 C8 C10 C11	A realización dos traballos tutelados é de carácter grupal. A avaliación inclúe o desenvolvemento do traballo cooperativo e a valoración de competencias específicas e transversais. Farase tendo en conta, fundamentalmente, o razoamento diagnóstico e terapéutico: selección de datos recollidos na valoración, identificación de problemas (DdE e CP) e prioridades, selección de obxectivos e intervencións de enfermería (NIC).	20
Estudo de casos	A34 A35 A36 A37 A38 A39 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C6 C7 C10 C11 C12	Desenvolverase de xeito individual e en grupo de traballo. As e os estudantes resolverán situacións de saúde descritas nos casos clínicos. No desenvolvemento desta metodoloxía avaliarase a adquisición de competencias específicas e transversais. Na valoración inclúese a capacidade para relacionar o coñecemento xeral con problemas concretos, a capacidade de análise, a comprensión da situación e a idoneidade das solucións formuladas, a asistencia e participación activa na aula e nos grupos de traballo. No desenvolvemento da metodoloxía inclúense probas escritas presenciais de resolución de casos clínicos. A nota final da metodoloxía será a suma das cualificacións das probas e do desenvolvemento da e do estudante na actividade individual e de grupo.	25

Observacións avaliación



A aplicación das porcentaxes na avaliación final quedará suxeita a que todas as metodoloxías que computen na avaliación sexan superadas. A asistencia a clase será considerada un valor positivo na avaliación sempre que supere o 85% do total de horas presenciais. Na presentación da materia informarase en detalle dos criterios de avaliación.

2ª oportunidade: Os criterios de avaliación da segunda oportunidade serán os mesmos que os da primeira oportunidade.

A proba mixta e de estudo de casos realizaranse coincidindo coa data oficial do exame da materia da 2ª oportunidade. O traballo tutelado, deberá desenvolverse de xeito individual e a data de entrega establecerase no período de avaliación da 2ª oportunidade.

Adianto de oportunidade: Proba mixta 100% (inclúe preguntas relativas o desenvolvemento dos contidos, traballos tutelados e resolución de estudo de casos)

Estudantes con matrícula parcial: As metodoloxías e porcentaxes serán as mesmas. Na metodoloxía de estudo de casos, os estudantes deberán realizar a entrega dos casos propostos e realizar as probas escritas presenciais durante o curso. O traballo tutelado realizarase de xeito individual ou grupal, segundo acordo co/a estudante.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: a/o estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose preciso.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - LEWIS SM, HEITKEMPER MM, DIRKSEN SR. (2004). Enfermería Medicoquirúrgica. Valoración y Cuidados de Problemas Clínicos (2 vol.). . Madrid: Elsevier-Mosby - WAGNER CM, BUTCHER HK, CLARKE MF. (2024). Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC).. Barcelona: Elsevier - N.A.N.D.A. Internacional (2021). Diagnósticos enfermeros: Definiciones y clasificación 2018-2020. Barcelona: Elsevier - LUIS RODRIGO MT. (2013). Diagnósticos Enfermeros. Revisión y guía práctica. Barcelona: Elsevier Masson - MOORHEAD S, SWANSON E, JOHNSON M. (2024). Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC). Barcelona: Elsevier - SMELTZER SC, BARE BG, HINKLE JL. (2013). BRUNNER Y SUDDARTH. Enfermería Médico-Quirúrgica (2 vol.). . Barcelona: Lippincott-Williams - LeMone P, Burke K (2009). Enfermería medicoquirúrgica: pensamiento crítico en la asistencia del paciente. . Pearson educación - SEIDEL HM, BALL JW, DAINS JE, FLYNN JA, SOLOMON BS, STEWART RW (2011). Exploración Física. Barcelona: Elsevier - ALLUE M. (1996). Perder la piel. Barcelona: Planeta/Seix Barral - MORILLO RODRIGUEZ J, FERNANDEZ AYUSO D (2016). Enfermería Clínica I. Cuidados generales y especialidades médico-quirúrgicas. Barcelona: Elsevier - Enfermería Clínica (). . - Nursing (). . - Metas de Enfermería (). . - Rol de Enfermería (). . - http://www.fisterra.com/ (). . - http://061.sergas.es (). . - Enferteca (). .
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Anatomía/661G01001
- Biología/661G01002
- Psicología/661G01003
- Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004
- Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008
- Fisiología/661G01105
- Fundamentos de Enfermería/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

- Nutrición/661G01009
- Farmacología/661G01011
- Situacións de risco para a saúde e Radiología/661G01013
- Estancias Clinicas I/661G01025

Materias que continúan o temario



Enfermaría clínica III/661G01017
Enfermaría Comunitaria II/661G01019
Enfermaría Xerontolóxica/661G01020
Farmacoterapia/661G01024
Estancias Clínicas II/661G01026
Estancias Clínicas III/661G01027
Estancias Clínicas IV/661G01028
Estancias Clínicas V/661G01029
Practicum/661G01032
Enfermaría Clínica II/661G01035

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE DO MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO: A entrega de documentación da actividade solicitada realizarase en formato dixital, a través de Moodle, se non se especifica outro medio. Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerado causa de cualificación de suspenso na actividade. Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero, velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas na aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria. MATERIAL DE ENSINO: Tanto o material utilizado na aula, como o dispoñible no Campus Virtual e o EQUIPO da materia están protexidos pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido de). A Lei de Propiedade Intelectual), e pon a disposición dos estudantes matriculados na materia, exclusivamente para o seu uso persoal, calquera extracción destes materiais para polos a disposición de terceiros por calquera outro medio (fotocopiadora, correo electrónico, páxinas web, etc.), é un acto ilícito que levará as medidas legais e disciplinarias pertinentes, sendo considerado unha falta grave ou moi grave de acordo co Regulamento de Disciplina de Estudantes da Universidade de Coruña e unha infracción grave ou moi grave da Lei de Propiedade Intelectual.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías